
Premio AELG 2014 ao blog literario: grazas!

Enviado o 4 Maio 2014



Tras a alegría que recibín na Gala das Letras do [ano pasado](#) teño que dicir que me sorprendeu que as compañeiras e compañeiros da AELG decidisen distinguir este blog novamente. Particularmente aprecio moito este premio pois nace da comunidade literaria galega que é, por outro lado, a que alimenta en exclusiva este blog.

Sei que agradecín onte á [AELG](#) a organización destes galardóns en tempos menesterosos, e mais esta modalidade en especial; citei ao colectivo de persoas que conforman á asociación por atender ás miñas demandas e mais tamén á colaboración fotográfica, para min inestimable, do meu amigo Anxo Cabada e aquí volvo deixar constancia destas afirmacións. Con todo, no momento de subir ao estrado do Teatro Principal esquecín expresar a miña gratitude ás persoas que pasan acotío ou ás veces por aquí e que lle outorgan sentido ao que escribo; ás librarías galegas, maioritariamente de proximidade, que colaboran desinteresada e puntualmente con este blog; ás máis das editoriais galegas sempre tan xenerosas coas miñas demandas; a [blogaliza](#) e aos [medios](#) en [papel](#) nos que colaboro.

Noutra orde de agradecementos quero citar a Juan Romero e a Lucía López Bayo pola xenerosa axuda técnica que sempre recibo deles. E, xa que onte se dedicaron algúns premios, eu reservara tres moi breves que deixo aquí: ao meu amigo [Antonio García Teijeiro](#) -el xa sabe a razón-, á miña familia polas horas furtadas e á memoria de meu pai, alí onde estea. Grazas a todas, grazas a todos, tamén polos vosos afectos.

Non esquezo manifestarlles todos os meus parabéns ás entidades, institucións, autoras e autores galardoados; loxicamente tamén para quen foron finalistas. Para todas e todos saúde e cante o merlo.